Anulación da Xunta de Centro Ordinaria (9/02/2026)

Por orde do Sr. Presidente da Xunta de Centro, comunícase a **anulación da convocatoria da Xunta de Centro prevista para o vindeiro luns, 9 de febreiro de 2026**.

A anulación da xunta vén motivada polo feito de que, na maña de hoxe, 5 de febreiro de 2026, mantívose unha reunión coa Vicerreitoría de Profesorado co obxecto de aclarar os criterios e as incompatibilidades relativas á asignación da bolsa de horas do centro. Como consecuencia, ampliouse o prazo de aprobación da devandita bolsa de horas, inicialmente fixado para o 9 de febreiro de 2026, ata o 13 de febreiro de 2026. Á vista dos cambios normativos producidos, resulta necesario dispoñer deste prazo adicional para definir adecuadamente e presentar para a súa aprobación o correspondente acordo sobre a bolsa de horas.

En breve, procederase á convocatoria dunha nova Xunta de Centro.

Así mesmo, infórmase de que **todas as candidaturas presentadas**, en todos os sectores, para a elección de representantes nas comisións **considerararanse válidas e en vigor** para a próxima Xunta de Centro Ordinaria na que se realizará a correspondente elección, agás no caso de que algunha persoa candidata solicite de forma expresa a retirada da súa candidatura.

Lamentamos as molestias que esta anulación poida ocasionar.

Atentamente,

A secretaria da ESEI